



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Corrección erro publicación de anuncio de aprobación definitiva de modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos

Corrección erro publicación de anuncio de Aprobación definitiva de modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos do Concello de Santa Comba (BOP núm 251 do 31-12-2024)

O Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria celebrada o 22 de novembro de 2024, acordou a aprobación inicial de ***modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos do Concello de Santa Comba***

Transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo inicial, e ao non haberse presentado reclamacións algunha, elevoúse a definitivo dito acordo, e procediuse a súa publicación no BOP 251 do 31-12-2024, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Advertido erro, faise público o texto íntegro de ***modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos do Concello de Santa Comba***

TEXTO ORDENANZA

ORDENANZA FISCAL NÚM 9. REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE SANTA COMBA

Artigo 1º- Fundamento e natureza.

En uso das potestades conferidas pola Constitución Española, polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e de acordo co previsto no art. 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de recollida a domicilio de lixo e residuos sólidos urbanos, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto nos artigos 20 a 27 do R.D.L. 2/2004.

No mesmo contexto, a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, determina a necesidade de articular taxas ou prestacións de carácter público non tributario, que sexan diferenciadas e específicas para os servizos que deben prestar dentro da súa competencia.

Artigo 2º - Feito imponible.

1.- O feito imponible desta taxa vén determinado pola prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de residuos municipais no termo municipal de Santa Comba, así como o seu transporte aos centros tratamento/valorización e eliminación.

A obriga de contribuír deriva da prestación do servizo público, que ao ter a condición xeral e obrigatoria, entenderase utilizado por todos os titulares, de vivendas, aloxamentos, recintos deportivos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

Inclúense no concepto de local os locais ou recintos, cubertos ou non, onde se exerzan actividades de todo xénero, mesmo a mera dirección ou xestión da actividade.

2.- A estes efectos, considéranse como residuos municipais os definidos no apartado av) do artigo 2 da citada Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, estando excluídos deste concepto os fluxos de residuos que non se atoparan comprendidos nesa definición coma:

a) Os refugallos de tipo industria, entullos de obra, detritus humanos, refugallos médicos, materiais contaminados ou contaminantes, corrosivos, perigosos ou aqueles que esixan na súa recolleita a adopción de especiais medidas de hixiene, profilácticas ou de seguridade, conforme ao que estableza a Ordenanza Municipal reguladora do servizo no termo municipal de Santa Comba.

3.- O servizo de recollida de lixo enténdese prestado en todo o termo municipal, sendo de recepción obrigatoria.

A organización e funcionamento do servizo subordinarase ás normas que dite este Concello para a súa regulamentación.

Entenderanse situados fóra do ámbito de prestación do servizo todos aqueles inmobles que se atopen sitios máis alá da imaxinaria circunferencia de 300 metros de radio que, tendo como centro cada contedor ou colector de residuos, circunde este.

Corresponde ao suxeito pasivo obrigado ao pago demostrar a falta de prestación do servizo, sinalando, para iso, a exacta situación do seu inmovible, aportando a súa referencia catastral íntegra, cos seus 20 caracteres alfanuméricos.

4.- No suposto da realización de dous ou máis feitos impoñibles nun mesmo inmovible, estarase ao disposto no artigo 7 desta Ordenanza.

5.- O concello poderá xirar liquidación a todo inmovible do termo municipal que teña á súa disposición o Servizo, con independencia de que o utilice ou non, dado que este é de recepción obrigada. A estes efectos todos os inmobles con subministro de auga potable e/ou electricidade recibirán o servizo de xeito obrigado, por entenderse en condicións de seren utilizados. O mero feito de non dispor de algún ou ningún dos servizos anteriores non implicará que se entenda como non prestado o servizo.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sinaladas no artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen calquera clase de inmovible, como vivenda ou local, ben sexa a título de propiedade, arrendamento, ou calquera outro dereito real ou de uso, mesmo en precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario dos devanditos inmobles, que poderá repercutir as cotas sobre os usuarios ou beneficiarios do servizo.

3.- No caso que o inmovible se destine a uso como vivenda, o Concello de Santa Comba emitirá as liquidacións contra o propietario, se fose coñecido, ou, en caso contrario, contra o ocupante do inmovible, que disporá dun prazo de 15 días hábiles, desde a recepción da mesma, para achegar proba do seu título habilitante para ocupar a vivenda e da identidade do propietario da mesma, a fin de que o Concello emita nova liquidación a nome do propietario.

4.- A liquidación, nos supostos de locais de negocio ou de realización de actividades económicas ou asimiladas realizarase a nome do titular da alta no censo da actividade ou do titular da explotación da actividade, como contribuínte do tributo, se fose coñecido, ou en caso contrario contra o propietario do inmovible.

Artigo 4º. Responsables

En materia de sucesión e responsabilidade serán aplicables os artigos 39 a 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e a normativa que a desenvolve ou complementa.

Artigo 5º. Beneficios fiscais

Nesta ordenanza non se recoñece ningún beneficio fiscal, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados Internacionais validamente ratificados polo Reino de España ou que estean expresamente en normas con rango de Lei.

Artigo 6º.- Cota tributaria. Tarifas

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que determinarase en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, plaza, rúa ou vía pública onde estén ubicados aqueles.

Estableceranse dúas modalidades:

- Modalidade vivenda, que se recolle na tarifa 1ª
- Modalidade comercial, que se recolle nas tarifas 2ª a 11ª.

Tarifa 1.º.-Vivendas.

Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar.

- Tarifa na zona rural: 60,00
- Tarifa no núcleo urbano de Santa Comba: 78,00

Tarifa 2.º.-Aloxamentos.

- Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos: 258,08
- Pensións e casas de hóspedes 193,56

(Enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se engaden hoteis, pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga)

Tarifa 3.º.-Establecementos de alimentación.

- Supermercados, economatos e cooperativas: 309,71
- Almacéns ó por maior de froitas, verduras e hortalizas: 232,28
- Pescaderías, carnicerías e similares: 161,29
- Tendas de alimentación: 219,37
- Fábricas de queixos e similares: 322,61
- Panaderías: 193,56

Tarifa 4.º.-Establecementos de restauración.

- Restaurantes: 232,28
- Cafeterías: 206,47
- Pubs: 258,08
- Bares: 175,50
- Tabernas: 170,33
-

Tarifa 5.º.-Establecementos de espectáculos.

- Salas de cine e teatro: 167,76
- Salas de festa e discotecas: 354,86
- Cafés teatro, cafés concerto e cafés cantante: 322,61
- Tablaos flamenco: 322,61

Tarifa 6.º.-Outros locais industriais ou mercantís e industrias varias.

- Oficinas bancarias: 322,61
- Grandes almacéns: 322,61
- Talleres mecánicos e eléctricos: 219,37
- Gasolineiras e estacións de servizo: 219,37
- Fábricas de pensos, gaseosas, calcetíns, metalúrxicas e análogos: 322,61
- Matadoiro: 258,08
- Imprentas: 219,37
- Comercio (textil, librarías, tendas ou similares): 193,56
- Perruquerías e similares: 175,50
- Farmacias e tendas de produtos veterinarios: 193,56
- Clínicas médicas e veterinarias: 193,56
- Xestorías, asesorías, axencias de seguros, axencias de viaxes, estudos técnicos e similares: 219,37
- Extracción de áridos: 258,08
- Fabricación de formigóns preparados: 258,08
- Fabricación de derivados do cemento: 322,61
- Ferrallas, ferrerías, carpinterías e análogas: 245,18
- Demáis locais non expresamente tarifados: 175,50

Tarifa 7.º.-Despachos profesionais.

- Por cada despacho: 129,05

Tarifa 8.-Centros oficiais.

- Dependencias organismos públicos non municipais: 129,05

Tarifa 9.º.-Centros de ensinanza.

- Centros de ensinanza privados: 129,05
- Academias privadas, autoescolas e similares: 103,24

Tarifa 10 °.- Explotacións gandeiras

Terase en conta as UG (unidades de gando) por explotación gandeira, de acordo cos seguintes tramos definidos:

- Reproducción para a produción de leite:

1º tramo: de 5 a 30 UG: 70 €

2º tramos: de 31 a 150 UG: 177,43 €

3º tramo: > 150 UG: 354,86 €

- Reproducción para a produción de carne.

1º tramo: de 5 a 30 UG: 70 €

2º tramos: de 31 a 150 UG: 177,43 €

3º tramo: > 150 UG: 354,86 €

- Granxas de produción para ovos.

1º tramo: de 5 a 30 UG: 70 €

2º tramos: de 31 a 150 UG: 177,43 €

3º tramo: > 150 UG: 354,86 €

Tarifa 11 °.- Venda ambulante

Comercio ao por menor fóra dun establecemento comercial permanente (ambulante, mercadiños e mercadiños ocasionais ou periódicos).: 78 €

As cotas sinaladas nas tarifas teñen carácter irredutible e corresponden a doce meses.

Artigo 7º.- Notas comúns de xestións das tarifas.

Para a aplicación das tarifas contidas no artigo precedente, establécense as seguintes regras de interpretación, en defecto de previsión en contrario na respectiva tarifa:

1ª.- Confluencia de actividades nun mesmo suxeito pasivo.

Se un mesmo suxeito pasivo exerce actividade/es en locais diferentes, -segundo a definición do RD 1175/1990-, tributarase por cada un deles separadamente.

2ª.- Confluencia de actividades nun mesmo local.

Cando nun mesmo local se realicen actividades en confluencia, ben sexan as mesmas, ou diversas, baixo titularidades xurídicas diversas, cada suxeito pasivo tributará de xeito individual pola tarifa que lle corresponda segunda a actividade que está a desenvolver.

3ª.- Confluencia do uso de vivenda e uso comercial nun mesmo inmovible.

Cando dentro dun mesmo inmovible -local ou vivenda- se compatibilice o uso de vivenda e unha actividade económica, tributarase, separadamente, por ambas, aínda que o suxeito pasivo de ambas sexa o mesmo.

4ª.- Os locais valeiros tributarán como vivendas, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

5ª.- Concepto de vivenda a efectos de tributación. Propiedades indivisas.

Entenderase como vivenda calquera inmovible que teña asignado o uso residencial nos datos obrantes no Catastro Inmobiliario, ou que, sen ter tal carácter no mesmo, lle conste á Administración como susceptible de utilizarse como residencia, obtivera ou non a licenza de ocupación se esta fora preceptiva. A estes efectos, consideranse como susceptibles de utilización como vivendas todas aquelas construción que, tendo solicitado a oportuna licenza, sinalasen como uso ou destino o de vivenda, unha vez transcorrido o prazo máximo establecido para a finalización da correspondente obra.

A efectos desta taxa, terán a consideración de vivenda, e, polo tanto, serán obxecto de suxeición de maneira individual, con independencia do réxime civil de propiedade -horizontal ou vertical-, os inmovibles que sexan susceptibles de utilización como vivenda ou destino residencial illado doutros locais, aínda que non se procedera a súa división ou segregación en fincas separadas conforme á normativa civil aplicable. A tales efectos, as vivendas sitas en edificios que dispoñan dun acceso por canón de escaleira ou outro acceso común, e que dispoñan de portas de acceso individuais que as separen do canón de escaleira ou análogo, consideraranse como tantas vivendas como accesos separados ao canón principal de acceso existan, aínda que ata ese momento non existise réxime de división horizontal debidamente constituído, e con independencia de que dispoñan de contadores ou aparatos de medición de consumos de auga e/ou enerxía individualizados para cada un dos locais ou vivendas.

En caso de dispor de contadores ou apartos de medida de consumos de agua e/ou enerxía separados para cada acceso dende o canón principal de escaleiras ou acceso análogo, entenderase, en todo caso, que se trata de tantas vivendas separadas como contadores ou aparatos de medida existan, con independencia de que dispoñan ou non de portas de acceso que as separen do canón de escaleiras ou acceso análogo.

Artigo 8º.- Devengo.

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo de recollida de lixos domiciliarios, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos a Taxa.

2.- En referencia á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e residuos urbanos asimilables, enténdese que tal acontece o primeiro de cada ano natural, cando estea establecido e en funcionamento o devandito servizo nas rúas ou lugares onde se empracen as vivendas, locais e aloxamentos, susceptibles de ser ocupados ou utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa, con independencia do tempo de ocupación do local ou vivenda ó longo do ano e de que a dita ocupación se refira á totalidade ou parte do terreo.

3.- Altas e declaracións.

a) Produciranse as altas no padrón de recollida do lixo de vivendas coa correspondente alta a efectos do imposto sobre bens inmobles.

De non practicarse a correspondente declaración de alta no imposto sobre bens inmobles, con independencia das sancións a que dera lugar dita infracción, para os efectos exclusivos da presente taxa, abondará coa presentación no Concello de instancia ou escrito no que se formula a declaración de alta no padrón de taxa de recollida de lixo de vivendas.

b) En relación con locais, comerciais, industriais ou profesionais, entenderase como declaración de alta a solicitude de preceptiva licencia de actividades e instalacións, tendo efectos dende a data de concesión ou comezo efectivo da actividade. De iniciar unha actividade sen a preceptiva licencia, independentemente das sancións urbanísticas ou doutra natureza a que dera lugar tal conducta, e de forma excepcional, o Concello admitirá declaracións de alta a efectos de recollida de lixo industrial, comercial ou profesional, ou calquera actividade das encadradas no artigo 6, en instancia razoada polo suxeito titular da actividade. Desta forma poderá obviarse a sanción tributaria. No caso de traspasos de negocio, o antigo e o novo titular deberán presentar copia do cambio de titularidade no rexistro do Concello e o impreso regulamentario para o efecto. O incumprimento desta obriga terá así mesmo, a cualificación de infracción tributaria grave para o adquirente do negocio e infracción simple para o cedente.

c) Para os locais que, non sendo vivendas, excepcionalmente non precisaran de licencia de actividades e instalacións, os titulares deberán presentar formalmente declaracións de exercicio da actividade no prazo dun mes desde o seu inicio a efectos da súa inclusión no padrón da taxa.

d) Os titulares de actividades deberán formular declaración de baixa cando cesen naquelas. O incumprimento desta obriga ten a calificación de infracción simple.

e) O suxeitos pasivos desta taxa deberán cubrir as súas declaracións con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal. A omisión de calquera dos datos anteriores terá a calificación de infracción simple.

Artigo 9º.- Normas de Xestión Tributaria da taxa.

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes a data na que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando, o efecto, a correspondente declaración de alta, indicando en todo caso, a referencia catastral do inmovible e o seu enderezo. Transcorrido dito prazo sen se presentar esa declaración, a Administración poderá efectuar de oficio a alta no correspondente Padrón Fiscal do tributo, sen perxucio da tramitación do expediente sancionador, que no seu caso, proceda.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaráanse a cabo nesta as modificacións correspondentes, previa instrucción do expediente de comprobación que proceda, modificacións que surtirán efectos na confección do Padrón fiscal inmediato seguinte, sen perxucio da regularización que resulte do expediente tramitado ao efecto en relación ao exercicio presente e /aos pasados non prescritos.

3.- Os suxeitos pasivos contribuíntes pola modalidade comercial da taxa, deberán presentar, dentro do prazo dos 30 días seguintes ao cese das súas actividades, copia do documento acreditativo da baixa do correspondente censo tributario na A.E.A.T., se no seu día resultou esixible en tal censo, ou, no seu defecto, declaración asinada a tal fin, a fin de proceder, no seu caso, ao rateo da cota anual da taxas, ou á oportuna devolución dos excesos indebidamente aboados.

Artigo 10º. Inspección tributaria

1.- Corresponde ao servizo de Tesourería do Concello e ao personal do PIC a realización das actuacións de comprobación e investigación tributaria, na vía administrativa de xestión e/ou inspección, conforme ao previsto nos artigos 136 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e no R.D. 1065/2007, polo que se aproba o Regulamento de Xestión e Inspección Tributaria.

2.- No exercicio dos labores investigadores, os Axentes da Policía Local Terán a condición de axentes da Policía Local Terán a condición de axentes da Inspección ou Xestión Tributaria cando así o requira ou dispoña o Sr. Alcalde-Presidente, ou persoa en quen delegue, a instancia do departamento de tesourería ou do personal do PIC.

Artigo 11º.- Recadación

1.- O cobro das cotas efectuarase anualmente mediante recibo derivado da matrícula. No suposto de alta, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

2.- As cotas que non sexan satisfeitas en período voluntario de cobranza esixiranse pola vía de prema sobre o patrimonio do administrado, aplicándose os recargos que legalmente resulten esixibles.

Artigo 12º. Interpretación. Consultas tributarias

1.- Facúltase ao Alcalde ditar as disposicións interpretativas desta Ordenanza, das que deberá de dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre con posterioridade ao seu ditado, en aplicación extensiva do previsto no arti. 12.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Corresponde á Alcaldía, conforme ao previsto no art. 88.5 da Lei Xeral Tributaria, o ditado das resolucións ás consultas tributarias escritas, conforme ao previsto no art. 13 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Disposición transitoria

Aos procedementos relativos a feitos impoñibles reportados con anterioridade ao primeiro de xaneiro de 2025, seralles de aplicación a versión vixente da ordenanza reguladora das taxas a data do reporte. En ningún caso se aplicarán, de maneira retroactiva, as tarifas desta Ordenanza fiscal, aínda que sexan máis favorables ao suxeito pasivo, pois só se aplicaran aos feitos impoñibles a partir do primeiro de xaneiro de 2025, data da súa entrada en vigor.

Disposición final.

A presente modificación da ordenanza fiscal núm. 9, reguladora da taxa de recollida de lixo, entrará en vigor o día primeiro de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Santa Comba, 3 de xaneiro de 2025.

O alcalde,

Alberto Romar Landeira.

2025/194